

A fábula

LITERATURA

A fábula é un conto breve que contén unha ensinanza.

Os personaxes son animais que pensan, falan e actúan como as persoas.

1 Le a seguinte fábula:

Estaban o galo Quirico e mais unhas galiñas peteirando tranquilamente cando viron vir un raposo. O galo enseguidiña deu a voz de alarma, e as galiñas voaron a poñerse a salvo nas pólás dun carballo.

—Bos días, señoras galiñas! Bos días, señor galo! —dixo o raposo moi educado—. Traio moi boas novas para todos os animais! De hoxe en diante todos os animais seremos amigos, perdan coidado.

—Que é o que di, señor raposo? Que teñamos coidado? —preguntou o galo—. Xa llo temos!

—Non, amigo, que perda coidado! Acaba de saír unha lei que di que nin os gatos poden comer ratos, nin os raposos galos, nin os cans raposos? Baixen, baixen para ler o documento!

—Pois debe ser certo o que dis, raposo, que veñen por alí dous cans coa boca aberta e a lingua fóra. Vou nos chamar e xa nos ensinas o documento a todos xuntos.

O raposo García, vendo que a mentira que inventara non lle servira de moito, botou a correr dicindo:

—Non agardo, non, que as leis do rei tanto van como veñen!



Antonio Reigosa: *O galo avisado e o raposo trampulleiro*,
Edicións Xerais (adapt.).

2 Busca un exemplo do que fan os animais como se fosen persoas:

- a) Dialogar.
- b) Ler.
- c) Falar con educación.

3 Que ensinanza achega a fábula? Escolle a opción correcta:

- «Non confíes en todo o que che contan».
- «Máis vale modestia e esforzo, que orgullo e descoido».